



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación bases específicas para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a de espazos verdes (subgrupo A1)

ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 23 de abril de 2026, resolveuse autorizar a convocatoria e á aprobación das seguintes bases específicas:

BASES SELECTIVAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ESPAZOS VERDES (SUBGRUPO A1)

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a elaboración dunha listaxe para a cobertura temporal de prazas de Técnico/a de Espazos Verdes (Subgrupo A1), da escala de administración especial, como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP).

2. SISTEMA SELECTIVO

O sistema de selección será o de oposición.

3. PROCESO SELECTIVO

3.1 Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

3.2 A orde de actuación das persoas opositoras será o que resulte do sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3 Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

3.4 O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade convocante, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

3.5 Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

3.6 Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no Boletín oficial da provincia da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

3.7 Esta convocatoria e as súas bases específicas serán publicadas no BOP

3.8 Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento deste proceso selectivo realizarase a través da páxina web do Concello da Coruña (www.coruna.gal) e do taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

4. REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Posuír ou estar en condicións de obter a titulación universitaria de grao ou licenciatura en enxeñería Agrónoma, enxeñería de Montes, grao en enxeñería Agrícola, grao en enxeñería Forestal e do Medio Natural, grao en Paisaxe, ou equivalentes.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

5. SOLICITUDES

5.1 As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>) mediante o procedemento específico "Participación en probas selectivas", de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

5.2 O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

5.3 Para seren admitidas nas probas selectivas as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

5.4 As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, no caso de opoñerse á consulta de datos, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización do exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

5.5 As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas (modelo 095) dispoñible no seguinte enlace modelo 095 , na páxina web www.coruna.gal ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da seguinte documentación:

- DNI/NIE
- Titulación académica ou profesional esixida na base 4.
- Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade

5.6 No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

5.7 De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello da Coruña, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

5.8 As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as persoas aspirantes non poderán modificar a súa opción.

5.9 A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

5.10 No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión ás probas selectivas. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello da Coruña ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a autoridade convocante ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña concedendo un prazo de 5 días hábiles para emendar as solicitudes contado desde o seguinte á devandita publicación.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será definitivamente excluído do proceso selectivo.

Terminado o prazo de reclamacións, o órgano competente ditará nova resolución, elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Nesta resolución, que será publicada na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña, establecerase a composición do órgano de selección así como o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

7.1 Os tribunais de selección que xulgarán as probas selectivas estarán constituídos por un número impar de membros, nunca inferior a 5, coa seguinte composición:

- a) Un/Unha presidente/a, que será un/unha funcionario/a designado/a polo órgano competente.
- b) Vogais, funcionarios/as designados/as polo órgano competente.
- c) Un/Unha secretario/a, será un/unha funcionario/a designado/a polo órgano competente. Este/a secretario/a poderá ser un membro do propio tribunal ou un/unha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos.

Os seus membros deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normativa aplicable.

7.2 O réxime xurídico aplicable aos tribunais axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7.3 O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; as mencionadas asesoras e asesores limitaranse a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

7.4 O tribunal poderá excluír as e os opositores en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera tipo de actuación fraudulenta durante a realización dos exercicios.

7.5 As resolucións dos órganos de selección vinculan ao Concello da Coruña, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida revisalas conforme ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo.

7.6 Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

8. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Este proceso selectivo constará de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, nun tempo máximo de 120 minutos, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta.

Este cuestionario será elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

As respostas correctas puntuarán un punto, as incorrectas descontarán 0,25 puntos e as preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

O exercicio será cualificado de 0 a 100 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 50 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 50 + 50 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P_c = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

Ao remate do exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia das súas respostas.

No prazo máximo de 2 días hábiles desde a finalización da proba, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo de 3 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Segundo exercicio: proba de coñecemento da lingua galega. Estarán exentas de realizar este exercicio aquelas persoas aspirantes que acrediten, dentro do prazo de presentación de solicitudes, que están en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

9. CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa puntuación total obtida no primeiro exercicio da oposición.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo á seguinte prelación:

- Mayor número de respostas acertadas no primeiro exercicio.
- Orde alfabético segundo o establecido na base 3.2
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo.

10. PROPOSTA DE LISTAXE

Concluído o proceso selectivo, o órgano de selección propoñerá a inclusión das persoas que o superasen na listaxe para a cobertura de prazas de Técnico/a de Espazos Verdes (subgrupo A1) como persoal funcionario interino nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

TEMARIO**PARTE COMÚN**

TEMA 1.- A Constitución Española. Estrutura. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. O Estatuto de autonomía de Galicia. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Disposicións xerais. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 3.- O réxime local. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Réxime de organización dos municipios de gran poboación: ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios: O Pleno: organización e atribucións. O Alcalde. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local.: Organización e atribucións. As Comisións Informativas.

TEMA 4.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Xornada de traballo permisos, licenzas e vacacións. Dereitos retributivos. Incompatibilidades.

TEMA 5.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. Os convenios. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

TEMA 6.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e RD 500/1990, do 20 de abril. Os orzamentos: Contido e aprobación, modificacións, execución e liquidación.

TEMA 7.- Contratos do Sector Público. Obxecto e ámbito de aplicación. Delimitación dos tipos contractuais. Partes do contrato: Órgano de contratación. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo e a súa revisión.

TEMA 8.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio: Territorio. Competencias. Os réximes municipais especiais. A provincia. Outras entidades locais: Áreas metropolitanas. Mancomunidades de municipios. Consorcios locais. Entidades locais menores. As agrupacións de municipios. A federación española de municipios e provincias e a federación galega de municipios e provincias.

TEMA 9.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

TEMA 10.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: As condicións de emprego en igualdade na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 1.- Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Prazo de duración do contrato e execución da prestación. Contido mínimo dos contratos. Acreditación da aptitude para contratar.

TEMA 2.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.

TEMA 3.- Da preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Elaboración e contidos dos pregos de prescricións técnicas particulares. Competencias en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

TEMA 4.- Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.

TEMA 5.- Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

TEMA 6.- O contrato de obras: actuacións preparatorias, execución, modificación, cumprimento e resolución do contrato de obras. O contrato de servizos: disposicións xerais, execución e resolución dos contratos de servizos. Emenda de erros, indemnizacións e responsabilidades no contrato de elaboración de proxectos de obras.

TEMA 7.- A seguridade na construción. Normativa. A figura do coordinador na redacción do proxecto e na execución da obra. Estudos e plans de seguridade e saúde.

TEMA 8.- A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética. Principios reitores. Medidas de adaptación aos efectos do cambio climático. Obrigas en materia de contratación pública.

TEMA 9.- A infraestrutura verde e o medio ambiente urbano nos ODS, a Axenda 2030, a Axenda Urbana Española e o Plan Estratéxico de Acción Local A Coruña 2030.

TEMA 10.- Estratexia nacional de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas. Obxectivos xerais, metas estratéxicas e obxectivos específicos. Liñas de actuación vinculadas coa infraestrutura verde urbana.

TEMA 11.- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Espazos naturais protexidos.

TEMA 12.- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Conservación das especies e os hábitats.

TEMA 13.- Guía da infraestrutura verde municipal. Caracterización e tipoloxías dos espazos verdes urbanos. Planificación e deseño da infraestrutura verde urbana. A xestión e conservación da biodiversidade a escala urbana e periurbana. Directrices de deseño e planificación da infraestrutura verde urbana e periurbana. Implementación.

TEMA 14.- Guía práctica de restauración ecolóxica. Conceptos e principios básicos. Metodoloxía.

TEMA 15.- Estrutura xeral da Coruña, rúeiro e barrios.

TEMA 16.- O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello da Coruña: A protección dos parques e xardíns de interese; a protección do medio ambiente urbano e do medio natural; a clase dotacional de espazos libres. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) da Cidade Vella e Pescadería da Coruña: protección do arboredo; ordenanza de espazos libres e zonas verdes públicas; arboredo da rede viaria; condicións de axardinamento; elementos catalogados de xardinería e arboredo.

TEMA 17.- Xestión dos xardíns históricos. Cartas de Florencia e de Venecia.

TEMA 18.- Catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galicia. Árbores e formacións senlleiras do Concello da Coruña incluídos neste catálogo.

TEMA 19.- Plans directores de arboredo urbano. Definición, contidos e metodoloxía para a súa elaboración.

TEMA 20.- Xestión do risco das árbores urbanas. Diagnose e análise do arboredo. Inspección visual e testificación instrumental. Principais metodoloxías de avaliación.

TEMA 21.- Valoración de danos nas árbores e arbustos ornamentais. A Norma Granada 2020.

TEMA 22.- Traballos de inventario dos espazos verdes e os seus elementos. Traballos de inventario de arboredo urbano. Utilización de sistemas de información xeográfica e tecnoloxía GIS.

TEMA 23.- Criterios de selección de elementos vexetais nos proxectos de xardinería. Criterios de selección de árbores e condicións para a súa plantación nos viarios, parques e xardíns urbanos.

TEMA 24.- Condicións do subministro do material vexetal. Aspectos xerais de calidade. Aspectos particulares para o subministro de árbores de folia caduca e perenne; palmeiras; arbustos, matas e subarbustos; plantas herbáceas e perennes, trepadoras e tapizantes; céspedes e praderías; roseiras; planta autóctona. Normas de transporte, recepción e acopio.

TEMA 25.- Implantación do material vexetal e aspectos xerais dos traballos de plantación. Técnicas de plantación de árbores, arbustos e semellantes, plantas herbáceas e crasas.

TEMA 26.- Sementeira e implantación de céspedes e praderías. Tipos. Nivelación do terreo. Tepes.

TEMA 27.- A protección dos elementos vexetais nas obras de construción. Sustentación artificial e protección do arboredo. Transplante de grandes exemplares.

TEMA 28.- Principios de edafoloxía. Os solos, características físicas e químicas. Condicións das terras e os recibos para o seu uso nas zonas verdes. Uso dos acolchados naturais. Composts: calidade e aplicación nos espazos verdes. Uso sostible dos fertilizantes.

TEMA 29.- A xestión dos refugallos procedentes dos traballos de conservación e mantemento da infraestrutura verde, das obras de construción e remodelación de espazos verdes, así como os resultantes da nova plantación e replantación de aliñacións de arborado viario. Tipoloxía. Aproveitamento e tratamento. Vermicompostaxe dos restos procedentes da infraestrutura verde.

TEMA 30.- Proxecto e deseño de infraestruturas e instalacións de rega. Tipos e compoñentes. Rega por aspersión e difusión. Rega localizada. Sistemas de control e xestión das instalacións de rega. Mantemento das infraestruturas de rega.

TEMA 31.- Sistemas e dispositivos de drenaxe e infiltración. Sistemas urbanos de drenaxe sostible.

TEMA 32.- Uso eficiente da auga na rega de zonas verdes públicas e criterios sostíbles no deseño das mesmas. Reutilización de augas rexeneradas e outros recursos hídricos non potables para a rega nas zonas verdes. Principios de xeroxardinería.

TEMA 33.- Sistemas de biofiltración no ámbito da xardinería e o paisaxismo. Aspectos xerais e aplicacións: restauración e tratamento de ríos e lagos; rexeneración de augas utilizadas; aproveitamento das augas de choiva e escorrentía; augas ornamentais de lagos e estanques.

TEMA 34.- Criterios e normas de calidade sanitaria da auga. Prevención e control da leixonela nas instalacións de fontes ornamentais e nas instalacións de rega.

TEMA 35.- Inundacións e secas. Directiva 2007/60/CE e Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundacións. Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Plans de xestión de risco de inundacións (PGRI). Plans especiais de seca. Previsión e cálculo de máximas crecidas. Sistemas de alerta. Medidas de prevención, mitigación, protección e corrección. Caracterización das secas, indicadores e medidas.

TEMA 36.- Autorizacións no dominio público hidráulico nas zonas de servidume e na zona de policía. Limitacións nas zonas inundables. Actuacións menores de mantemento e conservación. Obras fluviais, normativa e criterios de deseño: protección, corrección e regularización de leitos; canalizacións; obras de defensa de poboacións; restauración de ríos e técnicas de enxeñería biolóxica.

TEMA 37.- O proceso da contaminación de ríos, lagos e encoros. Eutrofización. O proceso de autodepuración dos ríos.

TEMA 38.- Mantemento dos estanques naturais e cursos fluviais no ámbito urbano. Técnicas de revestimento e estabilización dos ámbitos fluviais.

TEMA 39.- Solucións baseadas na natureza. Concepto. Tipos. Principios fundamentais. Parámetros para a súa identificación.

TEMA 40.- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostíbel dos produtos fitosanitarios. Guía da xestión integrada de pragas e enfermidades nos parques e xardíns do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

TEMA 41.- Xestión das plantas invasoras. Catálogo español de especies exóticas invasoras. Especies exóticas invasoras en Galicia.

TEMA 42.- Especificacións xerais de mantemento dos espazos verdes. Mantemento dos céspedes non deportivos e praderías, das plantacións arbustivas e das plantas herbáceas e similares.

TEMA 43.- Mantemento do arboredo. O solo na árbore. Fertilización. Rega. Drenaxe e aireación. Tratamentos. Mantemento das sustentacións artificiais. Manexo do alcove.

TEMA 44.- Poda. Eliminación de tocóns. Apeo. Traballos de urxencia e seguridade. Mantemento de palmeiras.

TEMA 45.- Áreas de recreo para os cans. Deseño, xestión e mantemento. As áreas caninas e zonas de espaxamento canino do Concello da Coruña.

TEMA 46.- Deseño e proxecto de hortas urbanas. As hortas urbanas do Concello da Coruña. Normas de uso. Condicións dos cultivos.

TEMA 47.- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Prevención de riscos laborais en traballos de xardinería e paisaxismo.

TEMA 48.- Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados (Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo). Accesibilidade nos espazos naturais, parques e xardíns.

TEMA 49.- Manual de sinalización interpretativa para os espazos verdes da Coruña (SIEVAC).

TEMA 50.- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Competencias e obrigas das entidades locais. Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña. Repercusión na xestión e mantemento das masas forestais, dos camiños e sendas, dos bordes viarios e das fincas de titularidade municipal.

A Coruña, 24 de abril de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas